



PREGO DE PRESCRIPCIÓNES TÉCNICAS PARA A ADQUISICIÓN DUN SISTEMA DE XESTIÓN TRIBUTARIA E PLATAFORMA EDITRAN PARA O CONCELLO DE VILAGARCÍA.

INDICE

OBXECTO DO CONTRATO.

LOTE 1.- APLICACIÓN INFORMÁTICA DE XESTIÓN TRIBUTARIA , RECADACIÓN E INSPECCIÓN DE INGRESOS MUNICIPAIS DO CONCELLO DE VILAGARCÍA DE AROUSA:

CLÁUSULA 1.1.- SITUACIÓN ACTUAL DO CONCELLO DE VILAGARCIA EN XESTIÓN TRIBUTARIA E RECADACIÓN.

CLÁUSULA 1.2.- MOTIVACIÓN DO CAMBIO.

CLÁUSULA 1.3.- SITUACIÓN ACTUAL DO SISTEMA INFORMÁTICO DO CONCELLO.

CLÁUSULA 1.4.- CARACTERÍSTICAS TÉCNICAS INFORMÁTICAS E DE COMUNICACIÓNES QUE DEBE CUMPRIR A APLICACIÓN DE XESTIÓN TRIBUTARIA E RECADACIÓN.

CLÁUSULA 1.5.- CARACTERÍSTICAS TÉCNICAS FUNCIONAIS QUE DEBE CUMPRIR A APLICACIÓN DE XESTIÓN TRIBUTARIA E RECADACIÓN.

1.5.1. XESTIÓN TRIBUTARIA

- A) Xestión de Contribuíntes
- B) Xestión de Obxectos Tributarios
- C) Xestión de Padróns e Liquidacións
- D) Xestión de Notificacións
- E) Xestión de Domiciliacións
- F) Especificidades segundo o tributo
 - F.1. Imposto sobre Bens Inmóbles
 - F.2. Imposto sobre Actividades Económicas
 - F.3. Imposto sobre Vehículos de Tracción Mecánica
 - F.4. Imposto sobre Construcións, Instalacións e Obras
 - F.5. Imposto sobre o Incremento de Valor dos Terreos de Natureza Urbana
 - F.6. Taxas, prezos públicos e outros ingresos
- G) Sancións de Tráfico
- H) Anulacións

1.5.2. XESTIÓN RECADATORIA

- 1.5.2.1. Fraccionamentos e Aprazamentos
- 1.5.2.2. Sistema Especial de Pagos
- 1.5.2.3. Devolución de Ingresos Indevidos
- 1.5.2.4. Recadación Voluntaria
- 1.5.2.5. Recadación Executiva
- 1.5.2.6. Xestión de Fallidos

- 1.5.2.7. Sucesións e Derivacións de Responsabilidade
- 1.5.2.8. Procesos Concurrais
- 1.5.2.9. Prescrición

CLÁUSULA 1.6.- INSTALACIÓN, MIGRACIÓN, PARAMETRIZACIÓN E POSTA EN MARCHA.

CLÁUSULA 1.7.- FORMACIÓN E MANUAIS.

CLÁUSULA 1.8.- GARANTÍAS, MANTEMENTO E SERVIZO DE SOPORTE.

CLÁUSULA 1.9.- PRAZO DE EXECUCIÓN DO CONTRATO E FORMA DE EXPLOTACIÓN.

CLÁUSULA 1.10.- PREZO DO CONTRATO.

LOTE 2.- ADQUISICIÓN DA LICENZA E SERVIZOS DE INSTALACIÓN DA PLATAFORMA DE COMUNICACIÓN EDITRAN:

CLÁUSULA 2.1.- SITUACIÓN ACTUAL.

CLÁUSULA 2.2.- ADQUISICIÓN DE LICENZAS.

CLÁUSULA 2.3.- INSTALACIÓN E POSTA EN MARCHA.

CLÁUSULA 2.4.- PROXECTO DE INSTALACIÓN.

CLÁUSULA 2.5.- FORMACIÓN E DOCUMENTACIÓN.

CLÁUSULA 2.6.- PRAZO EXECUCIÓN CONTRATO.

CLÁUSULA 2.7.- PREZO DO CONTRATO.

OBJECTO DO CONTRATO.

O obxecto do contrato divídese en dous lotes por ser temáticas distintas e complementarias.

Lote 1. Aplicación informática de xestión tributaria, recadación e inspección de ingresos municipais do concello de Vilagarcía de Arousa.

Consiste na adquisición da licenza dunha aplicación informática de Xestión Tributaria, Recadación (voluntaria e executiva) e Inspección, e a contratación dos servizos de instalación, migración de datos, formación, configuración, parametrización, integracións e posta en marcha, asistencia, mantemento e soporte.

A explotación da aplicación será en modo “cloud” durante os primeiros nove meses.

A aplicación informática debe contar cunha sub-sede electrónica de trámites on-line de xestión tributaria, recadación e inspección.

A aplicación informática e a sub-sede electrónica de trámites on-line deben integrarse (mediante servizos web) con distintas aplicacións do Concello e con servizos de administración electrónica proporcionados pola administración central.

A aplicación informática debe cumprir a lexislación actual tributaria: Lei 58/2013 e regulamentos de desenvolvemento e de administración electrónica: lei 39/2015, lei 40/2015, ENS, ENI, Protección de datos etc.

Lote 2. Adquisición da licenza e servizos de instalación da plataforma de comunicacións EDITRAN.

Consiste na adquisición e instalación, nos servidores do Concello, da Plataforma de Comunicacións EDItran (sobre Windows 2012 R2 Server) e servizos de soporte e mantemento.

LOTE 1.- APLICACIÓN INFORMÁTICA DE XESTIÓN TRIBUTARIA , RECADACIÓN E INSPECCIÓN DE INGRESOS MUNICIPAIS DO CONCELLO DE VILAGARCÍA DE AROUSA:

CLÁUSULA 1.1.- SITUACIÓN ACTUAL DO CONCELLO DE VILAGARCIA EN XESTIÓN TRIBUTARIA E RECADACIÓN.

Actualmente o Concello de Vilagarcía de Arousa xestiona, con recursos propios, todos os tributos e prezos públicos municipais e a recadación dos mesmos mediante unha aplicación informática da empresa SPAI INNOVA ASTIGITAS, S.L., dende o ano 2005, coas seguintes características:

- A aplicación realiza tanto a xestión de ingresos como a recadación voluntaria e executiva.
- O número de usuarios da aplicación son trinta e cinco.
- A aplicación está instalada nos servidores do C.P.D. do Concello, sobre S.O. Windows Server 2008 R2, a explotación é realizada polo departamento de informática.
- O Concello utiliza servidores virtuais, mediante VMware.
- O Concello utiliza un sistema de centralización de aplicacións, baseado en escritorio remotos mediante Citrix Xen.

- A Base de Datos empregada é SQL-Server 2012. O tamaño da base de datos actual é de 20 GB.
- As principais táboas da BBDD son: contribuíntes (todos os tributos utilizan esta táboa), obxectos tributarios (todos os ingresos utilizan esta táboa, agás IBI, BICES e IAE) e recibos (un recibo está formado por unha relación múltiple de táboas, nas que temos algunha con mais de 12 millóns de rexistros, outras teñen máis de 4 millóns, etc.)
- Os ingresos xestionados son: IBI Urbana e Rústica, BICES, Sumidoiros, Recollida Lixo, VADOS, IVTM, IAE, Comercios e industrias e o pago de taxas ou prezos públicos do conservatorio, escola de música, mercados, cemiterios, axuda ó fogar e dependencia, etc . O número medio de rexistros por imposto e taxa de lixo e sumidoiro é de 20.000 unidades, agás IBI e IVTM que son 40.000 unidades.
- Actualmente os recibos domiciliados son enviados aos bancos telemáticamente, mediante formatos de intercambio. Os non domiciliados son impresos no concello e enviados aos contribuíntes por correo postal.
- Todas as notificacións, tanto de recibos, providencias de prema, etc. son preparadas polo persoal do Concello.
- O Concello ten utilidades para realizar modificacións na parametrización da aplicación, modificar formatos de impresión, etc. acadando así independencia para realizar funcións de sistemas e configuración.
- A aplicación utilizada para a xestión das denuncias de tráfico da policía local é EuroOTD da empresa Primeria Consulting S.L. (EuroCOP Security Systems), a BBDD empregada é SQL-Server 2012 de Microsoft. Neste ingreso a recadación en vía executiva é realizada polo ORAL da Deputación de Pontevedra. O tamaño da base de datos actual é de 4 GB.

CLÁUSULA 1.2.- MOTIVACIÓN DO CAMBIO.

Os obxectivos xerais que persigue o Concello de Vilagarcía de Arousa para mellorar a xestión tributaria e recadatoria actual son:

- Mellorar a orientación ó contribuínte e proporcionar un servizo eficiente, de forma que se tenda a conseguir a atención ós contribuíntes en todas as materias do ciclo tributario dende un mesmo punto.
- Creación dunha sub-sede electrónica onde os contribuíntes realicen a maior parte dos trámites on-line de xestión tributaria e recadación evitando o desprazamento ás oficinas municipais.
- Mellorar a dispoñibilidade dos servizos tributarios.
- Mellorar a funcionalidade dos procesos de xestión tributaria.
- Cumprir as leis e regulacións externas.
- Consegui a integración entre o sistema de información de xestión tributaria e os sistemas de xestión contables municipais.

- Conseguir a integración entre o sistema de información de xestión tributaria e as aplicacións informáticas municipais de rexistro, X.G.L. e resolucións de alcaldía.
- Conseguir a integración entre o sistema de información de xestión tributaria e os servizos de administración electrónica ofrecidos pola administración central.
- Evitar carencias funcionais importantes na aplicación actual.
- Dotarse dunha BBDD con máis prestacións.

CLÁUSULA 1.3- SITUACIÓN ACTUAL DO SISTEMA INFORMÁTICO DO CONCELLO.

Principais características do sistema informático municipal actual:

- O Concello posúe o seu propio CPD formado por un Sistema de Computación Unificado (UCS 5108 de Cisco), un sistema de almacenamento (VNX 5200), un sistema de comunicacións etc.
- O Concello utiliza servidores windows virtuais (Windows Server 2008 R2 e Windows Server 2012 R2) , o software de virtualización empregado é VMware vSphere 5.
- O Concello utiliza un sistema de centralización de aplicacións (Citrix XenApp Enterprise), empregando escritorios remotos para os usuarios do concello.
- A rede informática do Concello está conectada coa rede SARA.
- As BBDD utilizadas actualmente polas aplicacións informáticas corporativas son as seguintes:
 - SQL-Server 2012 de Microsoft
 - PostgreSQL.

Coa finalidade de instalar a aplicación de xestión tributaria no sistema informático do Concello, levaranse a cabo nos vindeiros meses as seguintes actuacións:

- Ampliación do sistema de almacenamento.
- Ampliación da capacidade de procesamento da unidade UCS CISCO.
- Instalación da Base de Datos Oracle Database Standard Edition 2, como base de datos corporativa.
- Instalación da Plataforma de Comunicacións EDItran nun servidor virtual Windows Server 2012 R2, formada polos seguintes compoñentes:
 - EDItran/P
 - EDItran/G
 - EDItran TCP/IP
 - EDItran/SC (CRIPTO LIB/DES + API Criptografía)
 - EDItran/GT
 - EDItran/PX (Host)
 - EDItran/PX (Pasarela)
 - EDItran/LZW
 - EDItran/SC (CRIPTOLIB/RSA + API RSA de Criptografía)
 - EDItran/GC

Tanto EDItran como Oracle Database Standard Edition 2 deben ser utilizados pola nova aplicación de xestión tributaria.

CLÁUSULA 1.4.- CARACTERÍSTICAS TÉCNICAS INFORMÁTICAS E DE COMUNICACIÓN QUE DEBE CUMPRIR A APLICACIÓN DE XESTIÓN TRIBUTARIA E RECADACIÓN.

- A aplicación debe funcionar sobre o sistema operativo Windows Server 2012 R2.
- A aplicación utilizará como base de datos Oracle Database Standard Edition 2 versión 12.2.0.2.
- A aplicación estará integrada mediante servizos web coa plataforma EDItran, para intercambio electrónico de datos coas entidades financeiras e coas administracións públicas.
- A aplicación estará integrada mediante servizos web co sistema **SICER** para tratamento informático de notificacións de **Correos**.
- A aplicación deberá intercambiar, mediante web services, toda a información necesaria para a contabilización dos ingresos coa aplicación informática corporativa de contabilidade (SicalWin da empresa Aytos, S.L.).
- A aplicación conectarse telemáticamente con outras administracións públicas para o intercambio de información necesaria na xestión tributaria, utilizando os web services ofrecidos por esas administracións. Estas accións estarán integradas na propia aplicación e serán transparentes para o usuario. Estas integracións serán con:
 - O Centro de Xestión Catastral: información gráfica (cartografía) e información alfanumérica (obxectos tributarios, propietarios etc.), intercambio de información para a xestión do IBI.
 - A Dirección Xeral de Tráfico: datos dos vehículos, dos propietarios, da xestión dos puntos de denuncias, dos impagos do IVTM para a súa acreditación telemática (MVTA), da xestión das sancións de tráfico, TESTRA (Tablón Edictal de Sancións de Tráfico), NOSTRA-DEV (Notificaciones Electrónicas Seguras de Tráfico), Dirección Electrónica Vial, etc.
 - A Axencia Tributaria (AEAT).
 - O Sistema Integrado Tablón Edictal (SITE) para as publicacións no BOE, Tablón Edictal Único (TEU).
 - A plataforma tecnolóxica Ancert das Notarias.
 - E calquera outra que sexa necesaria para o funcionamento da aplicación.
- A aplicación debe posuír un Xestor de Expedientes propio (en diante “xestor expedientes tributario”), estará integrado mediante servizos web coas seguintes aplicacións proporcionadas pola administración central: Plataforma de Notificacións electrónicas (Notific@) do Ministerio de Facenda e Función Pública, Rexistro Electrónico de Apoderamentos (REA), creado e regulado no RD 1671/2009 (art.15), Plataforma de Intermediación de Datos (PID) do Ministerio de Facenda e Función Pública (deberá almacenar a información necesaria para auditorías) e Sistema de Información Administrativa (SIA). O Concello poderá solicitar a integración con calquera outro servizo de administración electrónica ofrecido pola administración central e operativo actualmente, o adxudicatario terá que realizar dita integración nun prazo máximo de dez semanas. Calquera novo servizo ofrecido no futuro pola administración central será considerado como unha obriga dentro do mantemento evolutivo da aplicación e estará incluído no mantemento.

- O “xestor de expedientes tributario” estará integrado con “Notific@”, é dicir, notificará telemáticamente aos contribuíntes utilizando Notific@ do Ministerio de Facenda e Función Pública e deixará reflexo desta notificación no rexistro xeral de saída do Concello sempre que se considere necesario por parte da tesourería municipal.
- No Concello de Vilagarcía de Arousa, está en funcionamento a plataforma CIVIDAS e-GOV, da empresa IMATIA INNOVATION S.L. Esta plataforma está formada, entre outros, polo xestor de expedientes municipal, o rexistro xeral (presencial e telemático), resolucións de alcaldía, xestión dos acordos de xunta de goberno local e a sede electrónica do concello (sede.vilagarcia.gal). O “xestor de expedientes tributario” deberá intercambiar información mediante servizos web coa plataforma CIVIDAS e-GOV a nivel de rexistro de entrada, rexistro de saída e cos órganos de resolucións de alcaldía e de Xuntas de Goberno Local.

Os servizos Web Solicitados son:

- Intercambio de información co rexistro xeral de entrada. O “xestor de expedientes tributario” debe recibir de maneira automática a información do rexistro xeral de entrada do concello (CIVIDAS e-GOV). Tamén deberá gravar no rexistro de entrada as solicitudes dos contribuíntes realizadas a través da sub-sede tributaria.
- Intercambio de información co rexistro xeral de saída. O “xestor de expedientes tributario” debe enviar información ao rexistro xeral de saída de CIVIDAS, unha vez rexistrada a saída por parte de CIVIDAS debe importar a información e datos necesarios que identifiquen este rexistro de saída.
- Envío de información ao órgano de “resolucións de alcaldía” para ser aprobada. O “xestor de expedientes tributario” debe enviar información a CIVIDAS e-GOV para ser tratada (aprobada ou non) no órgano de “resolución de alcaldía” unha vez tratada por parte de CIVIDAS debe importar a información e datos necesarios para continuar co expediente.
- Envío de información ao órgano de “xunta de goberno local” para ser aprobada. O “xestor de expedientes tributario” debe enviar información a CIVIDAS e-GOV para ser tratada (aprobada ou non) no órgano de “xunta de goberno local” unha vez tratada por parte de CIVIDAS debe importar a información e datos necesarios para continuar co expediente.
- A empresa ofertará unha web para trámites on-line tributarios (en adiante sub-sede tributaria), o manual de estilo debe ser o mesmo da sede electrónica do Concello, existirá un subdominio do concello para esta web (tributos.vilagarcia.gal), a sub-sede tributaria debe ser segura, utilizando certificado de sede (ssl), debe cumprir a lexislación actual en canto a accesibilidade web en España (accesible dobre-A), debe ser responsive, etc. Os licitadores incluírán o aloxamento web para esta sub-sede durante o primeiro ano.
- A sub-sede tributaria debe estar integrada coa plataforma Cl@ve para a identificación dos contribuíntes.
- O acceso dos contribuíntes á sub-sede tributaria será a través da sede electrónica do Concello. A sede electrónica do Concello será a encargada de identificar aos usuarios, mediante Cl@ve ou usuario e contrasinal propios do Concello, estas credenciais serán enviadas á sub-sede tributaria, sempre e cando o usuario da sede fora identificado e acceda a sub-sede de xestión tributaria. Si o usuario non foi identificado na sede e accede a sub-sede tributaria, será esta quen o identifique mediante Cl@ve, sempre e

cando sexa necesario identificalo, a sub-sede devolverá o control a sede do Concello para que o usuario finalice a súa sesión, ou realice calquera outro trámite. Ao devolver o control enviará tamén as credenciais do usuario sempre e cando este se identificara.

- Trámites mínimos que se deben poder realizar por un contribuínte a través da sub-sede tributaria son:
 - Consultas:
 - Solicitud de cita previa.
 - Consultar os expedientes dun interesado tramitados telemática ou presencialmente.
 - Acceso a toda a súa información tributaria: recibos, liquidacións, obxectos tributarios, pendentes de pago, domiciliacións, etc.
 - Consultar as notificacións dun contribuínte.
 - Consultar os apoderamentos dun contribuínte.
 - Consultar a situación dos embargos dun contribuínte.
 - Consultar as parcelas que inclúe o recibo de IBI rústica dun contribuínte.
 - Accións e solicitudes:
 - Presentar solicitudes, recursos e achegar documentación
 - Altas, baixas e modificacións das domiciliacións bancarias.
 - Modificación de domicilio fiscal.
 - Pago de recibos.
 - Obtención de duplicados do recibos.
 - Obtención de carta de pago única por toda a débeda dun contribuínte.
 - Autoliquidar tributos dun contribuínte (IVTM, ICIO, IIVTNU etc. segundo o establecido nas ordenanzas fiscais).
 - Fraccionamentos, con emisión de resolución automatizada.
 - Informe de estar ó corrente de obrigas tributarias.
 - Consultar documentos mediante código seguro de verificación.
 - Policía Local
 - Presentación de alegacións a unha denuncia de tráfico.
 - Identificación do condutor.
 - Pagamento de sancións de tráfico e de boletíns de denuncia.
- A aplicación debe posuír un servizo de control de autenticacións e accesos a recursos da aplicación baseado en permisos de perfís e usuarios, que permita levar a cabo unha

auditoría. Deberase poder asignar ós usuarios a perfís e sobre estes perfís concederanse permisos de acceso a funcións, execución de tarefas e consulta de datos. A autenticación dos usuarios deberá usar o “Active directory” do sistema informático

- A aplicación debe posuír un sistema de auditoría das actuacións dos usuarios segundo a lexislación actual, debe ser o mais completo posible tanto a nivel interno como dos accesos levados a cabo polos usuarios con outras administracións: AEAT, Catastro, DXT, PIM etc. Debe quedar reflexado o usuario que accedeu, o motivo, o expediente tramitado que motivou a consulta etc. Debe existir un histórico das accións levadas a cabo sobre un obxecto informático e os usuarios que as realizaron.
- A aplicación deberá permitir a carga en executiva de valores externos e xestionar a cobranza en período executivo dos mesmos.
- A aplicación deberá exportar información dun determinado tributo (exemplo: sancións de tráfico da policía local) para que a Deputación de Pontevedra (ORAL) realice a cobranza en período executivo e importar a información que devolva a Deputación para o control destes ingresos.
- A aplicación debe ter un acceso directo coa Oficina Virtual do Catastro e con Google Maps para realizar consultas desde un obxecto tributario.
- A aplicación debe permitir a realización de firmas biométricas, de forma presencial, sobre “tablets” ou calquera outro terminal por parte dos contribuíntes coa finalidade de presentar solicitudes ou realizar outros trámites no concello.
- A aplicación debe permitir aos axentes de policía realizar denuncias e consultas á DXT a través de dispositivos móbiles.
- A aplicación debe contemplar un acceso externo á mesma para determinadas empresas colaboradoras do Concello, estes accesos deben ser seguros e deben contar con altas medidas de seguridade, debe existir unha auditoría dos mesmos e das operacións levadas a cabo por estes usuarios. Existirá una xestión destes perfís e usuarios onde se definan, como mínimo, os accesos a información permitidos e as operacións que teñen permitido realizar.
- Os licitadores presentarán un plan de interoperatibilidade e de integracións.
- Os licitadores presentarán unha descrición técnica da sub-sede tributaria e do xestor de expedientes tributario.

CLÁUSULA 1.5.- CARACTERÍSTICAS TÉCNICAS FUNCIONAIS QUE DEBE CUMPRIR A APLICACIÓN DE XESTIÓN TRIBUTARIA E RECADACIÓN.

Características xerais

- Dará cumprimento a todo o esixido polo RGPD en materia de protección de datos de carácter persoal nos sistemas informáticos, incorporando as medidas de seguridade necesarias en deseño, acceso, control de usuarios e na administración da mesma.

- O núcleo principal do sistema debe ser a base de datos de persoas, como elemento básico do expediente tributario persoal. Debe existir una vista global do contribuínte que permita visualizar e operar sobre a estrutura de información asociada a el (débedas tributarias e situación, notificacións, obxectos tributarios en censos e padróns, domiciliacións emitidas e devoltas, documentos emitidos, expedientes, recursos, servizo especial de pagos, alertas, etc.).
- Base de datos única de contribuíntes e territorio: integrará toda a información que figura na base de datos de xestión, permitindo a súa xeración, mantemento e corrección de forma unificada en todo o sistema. É dicir, o mantemento dos terceiros e do territorio será único para toda a base de datos.
- A aplicación deberá contar cunha base de datos de territorio normalizada, que representará a estrutura de obxectos territoriais do municipio. Deberá permitir a xeorreferenciación de obxectos tributarios sobre a base da referencia catastral dos inmoables.
- A aplicación deberá incluír un sistema para a xestión documental integral que abrangue todo o ciclo da xestión, inspección e recadación, así como as reclamacións contra os actos ditados nos procedementos anteriormente indicados. Os expedientes almacenarán toda a información relacionada ca súa actividade tributaria. Permitirá a creación de expedientes de forma masiva en base a diferentes criterios de xestión ou recadación. A tramitación de ditos procedementos terá incidencia automatizada sobre o estado dos valores correspondentes.
- Permitirá a integración cos paquetes ofimáticos existentes no mercado, en concreto con produtos de Microsoft en calquera das súas versións, para realizar exportacións a textos, follas de cálculo e bases de datos; e Libre Office.
- Deberá dispoñer dun modelario de todos os trámites, e permitirá a personalización de todos os documentos impresos mediante a modificación das plantillas existentes dunha maneira cómoda e sen que fagan falla coñecementos de programación.
- Mantemento de plantillas de documentos para a xestión tributaria, adaptándoas ás modificacións legais.
- A aplicación deberá dispoñer de mecanismos para facilitar o control de trámites pendentes de realizar e de prazos legais (sistema de alertas), computando calquera actuación que interrompa os prazos, se procede.
- A aplicación deberá facilitar un sistema de indicadores de xestión, que sirvan de apoio á toma de decisións, e que permita o seguimento periódico da xestión tributaria e recadatoria, tanto en período voluntario como executivo. Ofrecerá a información tanto de modo económico como gráfico.
- Carga automatizada de soportes: Cadernos bancarios AEB, ficheiros SICER ou calquera outro soporte requirido no ámbito tributario e da recadación municipal (AEAT, Seguridade Social, Catastro, DXT, etc.)

- Permitirá a composición e foliado do expediente asinado electrónicamente.
- A aplicación permitirá o peche anual de operacións de cada exercicio, así como todos os peches parciais que se considere oportuno e, en todo caso, no momento que se lle de traslado da data de recadación por cada período á contabilidade municipal. Polo tanto deberase poder remitir a información sobre a xestión tributaria e recadatoria (cargos, baixas, cobros, conta anual) á intervención municipal, ós efectos da súa contabilización e control. Unha vez efectuado o peche parcial ou anual por traslado de información ó departamento de intervención, os recibos/liquidacións afectados non poderán ser modificados máis que por persoal autorizado.
- A aplicación contemplará todos os preceptos establecidos pola Lei Xeral Tributaria, e demais normativa de desenvolvemento da mesma, en especial, o Regulamento Xeral de Recadación.
- Deberá xestionarse un único rueiro que sexa compatible con Catastro, AEAT, INE, DXT, etc, que permita recoller a distinta codificación que cada unha das Administracións ten para a mesma vía, evitando discrepancias nas direccións tributarias e fiscais.

1.5.1 XESTIÓN TRIBUTARIA

A) Xestión de Contribuíntes

A aplicación deberá permitir a gravación e mantemento actualizado dos contribuíntes, cuns datos mínimos de nome, DNI/CIF, domicilio fiscal, domicilio de notificación, teléfono, email, uso de dirección electrónica habilitada e representantes e apoderados.

Disporá dun histórico dos datos dos contribuínte e dos seus domicilios fiscais.

Permitirá a notificación por domicilio fiscal ou por domicilio de notificación. Deberanse poder indicar disintas direccións de notificación para distintos conceptos tributarios de mesmo contribuínte.

No caso de recepción da notificación de xeito presencial nas dependencias municipais, deberá quedar constancia na aplicación de dita recepción mediante firma biométrica.

O contribuínte poderase adherir ó sistema de envíos de notificacións telemáticas, mediante avisos SMS e correo electrónico. No momento de xerar calquera notificación dirixida ó contribuínte, o sistema deberá xerar o aviso ou mail automaticamente.

No suposto de carga de soportes informáticos procedentes doutras administracións (AEAT, CATASTRO, DXT, TXSS, ORAL Pontevedra, etc.) deberá enlazar con contribuíntes de forma automática no caso de que exista coincidencia exacta nos parámetros previamente definidos. De non existir dita coincidencia exacta deberá permitir a selección manual do contribuínte e manter a concordancia asignada para futuras incorporacións, sempre e cando se manteñan iguais os datos de orixe e destino.

As domiciliacións bancarias deberán ir vinculadas ós contribuíntes, de maneira que calquera modificación nos obxectos tributarios existentes (exceptúase o suposto de novas altas) permitirá o mantemento da domiciliación bancaria sempre e cando a identificación do contribuínte non varíe.

Permitirá a descarga mensual dos ficheiros de falecidos do INE. Permitirá efectuar o cambio dos terceiros falecidos a “Herdeiros de”, indicando os recibos a anular.

Permitirá a expedición de certificados de atoparse ao corrente das obrigas fiscais co Concello, por contribuínte.

Permitirá a selección do idioma de preferencia das persoas (galego ou castelán).

B) Xestión de Obxectos Tributarios

- Requírese que a xestión de obxectos tributarios se atope configurada mediante a asignación dun número (aleatorio e consecutivo, contador automático de referencia) invariable para cada obxecto tributario, independente de calquera característica do inmovible. Exceptúase deste suposto o IVTM, no que o obxecto tributario poderá vir identificado pola matrícula do vehículo.
- Cada obxecto tributario poderá ter asignado un ou máis contribuíntes (cotitulares).
- A modificación da dirección do obxecto tributario deberá conservar as direccións históricas. Existirá un historial de cambios realizados por cada obxecto tributario.
- No caso de modificacións que afecten ao obxecto tributario, permitirase o mantemento de beneficios fiscais, sempre que estes non tivesen carácter subxectivo.
- Deberá dispoñer dun campo libre asociado ó obxecto tributario, a través do que se poidan facer consultas, no que se poida gravar a clave principal da actual aplicación de ingresos (9 díxitos).

C) Xestión de Padróns e Liquidacións

A aplicación deberá permitir a parametrización para a definición das ordenanzas fiscais do Concello de Vilagarcía de Arousa (poden ser consultadas en <https://sede.vilagarcia.gal/>)
Permitirá a xestión de:

- Recibos, liquidacións provisionais e definitivas e autoliquidacións (especialmente nos supostos nos que así o estableza a ordenanza fiscal municipal). Poderán acumularse na mesma máis dun exercicio, detallados individualmente.
- Feitos impositivos.
- Exencións e bonificacións (con indicación das datas de concesión e finalización).

- Liquidacións complementarias e substitutivas.
- Aprobación de padróns e liquidacións (individual ou masivamente) con xeración da proposta de aprobación.
- Impresión do padrón, e impresión dos recibos incluídos no mesmo, podendo excluír os domiciliados.
- Propostas de devolución de ingresos.
- Baixas e rectificacións, con xeración da proposta de baixa.
- Xuros de mora, recargas, costas e sancións.
- Suspensións.

Poderase realizar a carga de soportes informáticos procedentes doutras administracións (AEAT, CATASTRO, DXT, TXSS, ORAL Pontevedra, etc.). No caso particular da AEAT deberá permitir, en todo caso, a carga do censo do IAE, dos ficheiros de embargos practicados (contía embargada, data e concepto embargado, como mínimo) e dos ficheiros de subministro de información a Administracións Públicas para finalidades tributarias (Partícipes de Comunidades de Bens, Identificación, fondos de Inversión e Contas Bancarias). No caso particular do ORAL de Pontevedra deberá permitir a descarga dos ficheiros de aplicación de cobro das sancións de tráfico en vía executiva.

Tamén será posible a carga de información procedente de tablas excel para iniciar expedientes de recadación en vía executiva a petición doutras entidades.

Posibilidade de xerar a través da Sede Electrónica autoliquidacións con referencia C60 para aqueles tributos nos que así estea previsto nas Ordenanzas Fiscais.

Poderanse realizar consultas sobre cargos e padróns por múltiples criterios (entre os que deberán figurar obrigatoriamente: data de prescrición, suxeito pasivo e concepto de ingreso), permitindo a exportación das consultas en formato excel.

Todas as débedas xeradas agruparanse en cargos que se pasarán á Recadación Municipal para o seu cobro. A información sobre os cargos aprobados tamén se deberá trasladar ó departamento de Intervención a efectos da súa contabilidade. Deberá permitir a configuración dun traslado automático ou manual.

A información relativa á anulación de valores, ou calquera outra con transcendencia contable, tamén será obxecto de traslado ó departamento de Intervención.

A aplicación de ingresos deberá efectuar un control da información trasladada a efectos da contabilidade, de xeito que impida o envío de información da que xa se dera traslado con anterioridade.

Permitirá a xestión de liquidacións do exercicio actual e de anteriores, tanto de forma agrupada como individualizada, aplicando as ordenanzas correspondentes a cada exercicio.

Tamén permitirá configurar por concepto impositivo a xestión das prorratas para altas e baixas.

A aplicación deberá permitir o control automático da extemporaneidade; e permitirá o cálculo de xuros de mora derivados da presentación de declaracións e autoliquidacións fóra de prazo, así como os recargos e/ou sancións aplicables, tanto de forma individualizada como colectiva.

Terá dispoñible unha opción para o cálculo de padróns e recibos simulados, tantas veces como se desexe, con distintas tarifas, a efectos de toma de decisións.

Poderase definir información textual (caxetín) para a súa visualización nos recibos, liquidacións, obxectos tributarios e a súa incorporación nos ficheiros C-19

Permitirá a extracción das exencións e bonificacións contidas no padrón de cada tributo, identificándoas polo tipo de bonificación, período de aplicación e obxectos tributarios afectados polas mesmas.

D) Xestión de Notificacións

A aplicación permitirá a xestión e control de todo tipo de notificacións de documentos xerados pola aplicación de forma individual ou masiva: impresión de notificacións, notificación a través do sistema SICER, proba de entrega electrónica e notificación por comparecencia a través da Sede Electrónica.

Deberá permitir o procesamento da información procedente de Correos de forma masiva.

Deberá dispoñer dun sistema de avisos para efectuar o control das notificacións sin resposta.

Para a recepción de acuses de recibo a aplicación disporá dunha utilidade de lectura de códigos de barras e permitirá escanearlos acuses.

E) Xestión de Domiciliacións

- As domiciliacións bancarias deberán ir vinculadas ós contribuíntes, tal e como se estableceu no apartado de Xestión de Contribuíntes.
- A aplicación deberá permitir a xestión e mantemento das domiciliacións bancarias, con indicación da data de domiciliación e a procedencia da mesma, que poderá ser tanto a través da propia aplicación como a través dos ficheiros facilitados polas entidades bancarias segundo as normas establecidas a tales efectos a través do CSB. No caso da autorización a través da aplicación, deberá quedar constancia da sinatura dos que a autoricen mediante firma biométrica.
- Deberá gardar un histórico de domiciliacións no que figure para cada conta bancaria a data de inicio e fin (de ser o caso) da domiciliación, o tributo asociado e a vía pola que se efectuou a domiciliación.
- Admitiranse tantas domiciliacións como obxectos tributarios estean vinculados ó contribuínte, e permitirse a domiciliación dos recibos con posterioridade á emisión dos padróns e antes da xeración do C19 correspondente.

- Permitirase a domiciliación a cotitulares. Tamén a terceiras persoas con autorización do contribuínte, debendo quedar reflectidas na aplicación tanto a solicitude como a autorización.
- Contemplará a posibilidade de que se un terceiro ten unha conta bancaria de domiciliacións, todos os valores, presentes e futuros, queden domiciliados na mesma de forma automática, previa petición do terceiro.
- Estará prevista a domiciliación como forma de pago no caso de fraccionamentos e aprazamentos.
- No suposto de devolución de domiciliacións, deberá quedar constancia do motivo da devolución, permitíndose a baixa de domiciliacións de forma masiva en función do motivo de devolución.

F) Especialidades segundo o Tributo

Ademais do establecido con carácter xeral nos apartados anteriores, para os seguintes ingresos esixiranse:

F.1. IMPOSTO SOBRE BENS INMOBLES

A aplicación xestionará os padróns do Imposto sobre Bens Inmobles de natureza urbana, rústica e de características especiais.

Permitirá a recepción dos ficheiros VARPAD, PAD-DGC, DOC e FIN, e a depuración dos datos contidos nos mesmos previamente á súa incorporación á base de datos. Deberá conservar un histórico das incidencias ocorridas durante a lectura, que se poderá consultar con posterioridade.

A aplicación contemplará a carga do DOC-DGC e toda a xestión específica do mesmo, para a emisión de todas as liquidacións contidas no mesmo dos distintos tipos de alta permitindo que as mesmas poidan emitirse para cada un dos exercicios de forma conxunta ou separada.

Permitirá efectuar unha comparativa de datos entre o ficheiro de catastro e os datos do padrón para modificar os datos que se estimen oportunos.

Permitirá realizar todos os procesos de xestión tributaria do IBI de natureza urbana, rústica e de características especiais: cálculo e xestión de recibos e padróns, cálculo e xeración de liquidacións de forma individual ou masiva, exencións, bonificacións e non suxección, anulación de liquidacións, etc.

A aplicación tamén permitirá a xestión das variacións de titularidade e a emisión de ficheiros VARPAD. Así como a carga de ficheiro .xml cas variacións de titularidade realizadas na Oficina Virtual do Catastro.

Esíxese enlace ca Oficina Virtual do Catastro e Google Maps, e a integración vía Web services ca base de datos da Dirección Xeral do Catastro.

Permitirá xestionar os recibos/liquidacións por porcentaxe de cotitularidade, así como a asignación individualizada de posibles bonificacións.

Poderase liquidar con xuros e recarga de extemporaneidade .

Tamén se poderán xerar liquidacións de IBI aínda que non existan datos de catastro, podendo dar de alta a unidade fiscal en cuestión.

Permitirá a emisión dun resumo do padrón con todos os datos económicos existentes no mesmo.

F.2. IMPOSTO SOBRE ACTIVIDADES ECONÓMICAS

O sistema permitirá a xestión tributaria integral do IAE.

Permitirá o tratamento da información procedente da AEAT, validando o seu contido e ofrecendo a información das cintas anuais e trimestrais remitidas pola AEAT para que se poida realizar a depuración dos soportes remitidos con carácter previo á súa incorporación á base de datos.

Permitirá realizar todos os procesos de xestión tributaria do IAE: cálculo e xestión de recibos e padróns; cálculo e xeración de liquidacións, de forma individual ou masiva, anuais ou rateadas por trimestres; exencións; bonificacións e non suxeción; anulación de liquidacións; etc.

Permitirá realizar novas altas e modificacións sobre o/os expediente/s seleccionado/s.

Poderanse dar de alta liquidacións sen necesidade de ter cargados os datos da AEAT.

Permitirá a emisión dun resumo do padrón con todos os datos económicos existentes no mesmo.

Permitirá a xestión censal do IAE.

F.3. IMPOSTO SOBRE VEHÍCULOS DE TRACCIÓN MECÁNICA

O sistema permitirá a xestión tributaria integral do IVTM.

Permitirá a xeración de autoliquidacións de forma presencial ou telemática.

Poderase procesar a través de ficheiros de intercambio a información procedente da DXT, permitindo a súa validación e conformidade antes de aplicar as modificacións que conteñan. Deberá conservar un histórico das incidencias xurdidas durante a incorporación dos datos, que poderán ser consultadas e impresas en calquera momento.

Permitirá tamén o intercambio ca DXT de impagos do IVTM para a súa acreditación telemática (MVTA).

Integración on-line vía web services ca DXT. Comunicación con ATEX.

Permitirá realizar todos os procesos de xestión tributaria do IVTM: cálculo e xestión de recibos e padróns, cálculo e xeración de liquidacións de forma individual ou masiva, anuais ou rateadas por trimestres, exencións, bonificacións e non suxeción, anulación de liquidacións, etc.

Permitirá realizar novas altas e modificacións sobre o/os expediente/s seleccionado/s e permitirá realizar calquera tipo de xestión sobre o vehículo ou vehículos seleccionados.

Poderanse dar de alta liquidacións sen necesidade de ter cargados datos da DXT.

Permitirá a emisión dun resumo do padrón con todos os datos económicos existentes no mesmo.

Disporá dun histórico dos trámites efectuados sobre un vehículo, así como dos distintos titulares do mesmo ó longo do tempo.

F.4. IMPOSTO SOBRE CONSTRUCCIÓNS, INSTALACIÓNS E OBRAS

A aplicación realizará unha xestión tributaria integral do ICIO conforme á lexislación vixente.

Permitirá efectuar liquidacións provisionais e definitivas, así como liquidacións complementarias. No suposto de que a liquidación definitiva sexa superior á provisional permitirá a dedución do importe xa cobrado na liquidación provisional.

Permitirá a xeración de autoliquidacións de forma presencial ou telemática.

Permitirá a xestión dos beneficios fiscais.

Poderanse aprobar as liquidacións tanto individualmente como por cargos ou remesas.

F.5. IMPOSTO SOBRE INCREMENTO DE VALOR DOS TERREOS DE NATUREZA URBANA

O sistema permitirá a xestión tributaria integral do IIVTNU.

Permitirá a xeración de autoliquidacións de forma presencial ou telemática.

A xestión realizarse mediante a formación de expedientes de transmisión, nos que se recollerán os datos correspondentes á mesma e do cal se xerarán nun só acto tantas liquidacións como suxeitos pasivos existan.

Os expedientes deberán incluír polo menos:

- Tipo de transmisión.
- Obxecto tributario (con indicación de localización referencia catastral, número fixo, etc...). A estes efectos estará integrado con módulo do IBI para capturar datos económicos do solo).
- Notario e número de protocolo.
- Datos rexistrados do inmovible (tomo, libro, folio, finca)
- Datas de transmisión actual, transmisión anterior e presentación en rexistro.
- Adquirentes, con indicación das direccións fiscais, data de adquisición e participación de dominio.
- Bonificacións e exencións aplicables, de ser o caso.

Permitirá a carga e integración de ficheiros ANCERT e xeración de requirimentos masivos nos supostos de ausencia de tributación.

Integración on-line vía web services ca plataforma de ANCERT.

Poderanse aprobar as liquidacións tanto individualmente como por cargos ou remesas.

A aplicación terá en conta a extemporaneidade das declaracións, consignando automaticamente na liquidación/autoliquidación o recargo e o xuro de mora correspondentes.

F.6. TAXAS, PREZOS PÚBLICOS E OUTROS INGRESOS.

A aplicación permitirá a xestión do resto das taxas e prezos públicos previstos nas Ordenanzas Municipais do Concello de Vilagarcía de Arousa.

Permitirá así mesmo a liquidación e recadación de ingresos, tales como sancións por infracción das Ordenanzas municipais, reintegro por percepción indebida de devolucións, subvencións non xustificadas, sancións tributarias, etc.

Permitirá vincular co IBI as taxas relacionadas cos inmobles (lixo, sumidoiro, vados, etc.)

Poderase efectuar o mantemento de parámetros e tarifas en función das modificacións das ordenanzas municipais.

Permitirá a xeración de liquidacións, autoliquidacións, recibos e padróns partindo dos obxectos tributarios; así como a incorporación de altas, baixas ou variacións ós padróns fiscais correspondentes a aqueles tributos que o requiran.

Contemplará a posibilidade de realizar liquidacións complementarias, e a posibilidade de calcular a extemporaneidade.

Permitirá a asignación e mantemento de bonificacións e exencións.

G) Sancións de Tráfico

A aplicación permitirá a tramitación completa do procedemento sancionador en materia de tráfico, en todas as súas fases, dende o momento da súa denuncia hasta a súa finalización, mediante a creación dun expediente por cada sanción.

Permitirá a entrada de datos de creación de expedientes dende distintos dispositivos, fixos ou móbiles, ou por descarga de ficheiros.

Permitirá o cobro de boletíns de denuncia e de sancións en formato C60 AEB.

Poderase realizar a captura dos datos dos infractores dende a base de datos do concello ou da DXT.

Permitirá o control de pago dos boletíns de denuncia antes da creación do expediente sancionador.

Deberá poder engadir documentos tales como imaxes dixitalizadas da situación do vehículo obxecto da denuncia, e calquera outros documentos presentados polos interesados.

Permitirá remitir a través de ficheiros de intercambio de información (polo menos en formato excel) a totalidade dos datos das sancións que non foran pagadas en período voluntario para a súa remisión ó ORAL de Pontevedra.

Deberá permitir a descarga dos ficheiros de intercambio de información que conteñan o cobro das sancións de tráfico en vía executiva, que remite o ORAL de Pontevedra periodicamente, e efectuar a aplicación de dito cobro de xeito masivo.

Permitirá a conexión co Tablón Edictal de Sancións de Tráfico.

Deberá permitir a notificación dos expedientes sancionadores mediante o sistema “NOSTRA-DEV” (Notificacións electrónicas seguras de tráfico e Dirección Electrónica Vial) creado pola Dirección Xeral de Tráfico.

Deberá remitir as sancións firmes e detracción de puntos á Dirección Xeral de Tráfico, nas condicións e forma previstas legalmente e solicitadas pola Dirección Xeral de Tráfico. Igualmente deberá estar integrada on-line con Tráfico co fin de poder rescatar a titularidade do vehículos segundo conste na BBDD de aquela.

H) Anulacións

A aplicación permitirá a tramitación completa de expedientes de anulación de valores, tanto de forma individual como masiva.

Deberá existir unha proposta de baixa con carácter previo á anulación.

Poderanse realizar propostas de baixa individuais e colectivas.

Tamén se poderán realizar propostas de baixa polo importe total ou parcial dun recibo.

1.5.2 XESTIÓN RECADATORIA

A aplicación deberá contemplar os procesos específicos de xestión recadatoria a efectuar sobre os valores, conforme á lexislación vixente en materia recadatoria, a saber, cobros, pase a executiva, anulacións, suspensión de valores, propostas de baixa, baixas, aprazamentos, fraccionamentos, devolucións de ingresos, etc.

Tanto a recadación voluntaria como executiva deberán adecuarse completamente á especificacións do caderno C60 da AEB, permitindo todas as modalidades de pago. A recadación voluntaria deberá adecuarse ademais ás especificacións do caderno C19 da AEB.

Incluirá a posibilidade de imprimir nas dependencias da entidade documentos de pago en calquera fase do procedemento, adaptada ós condicionantes de cada fase, así como control de pagos realizados mediante estes documentos.

Permitirá a carga automatizada de soportes: cadernos bancarios e SICER. E disporá da integración co sistema de comunicacións EDITRAN.

Permitirá a expedición de certificados de non existencia de débeda por ben inmovible ou vehículo.

1.5.2.1 Fraccionamentos e Aprazamentos

A aplicación deberá permitir a tramitación completa de expedientes de aprazamento e fraccionamento de débedas, tanto en período voluntario de pago como en período executivo.

Os aprazamentos e fraccionamentos serán configurables segundo a regulación establecida polo concello de Vilagarcía de Arousa en canto a prazos, importes mínimos por fracción, importe mínimo de débeda fraccionable, tipo de xuro aplicable, etc.

Dende o momento en que se presente a solicitude, deberá permitir a introdución dunha marca de suspensión na débeda, hasta que se dite a resolución correspondente, de forma que non se leven a cabo actuacións de embargo improcedentes.

Permitirá a realización de aprazamentos e fraccionamentos por valor individual, por un conxunto de valores ou polo importe total da débeda acumulada. No se xerarán novos valores por cada fracción, senón que sempre se deben manter os valores fraccionados e sobre estes mesmos realizaranse entregas a conta.

Xestionará o cálculo de xuros en aprazamentos e fraccionamentos distinguindo entre xuros legais ou xuros de demora en función da natureza tributaria ou non da débeda, e de se aporta a correspondente garantía.

Tamén se permitirá a modificación da conta de domiciliación bancaria das cotas en calquera momento da vida do fraccionamento/aprazamento, podendo establecerse distintas contas para as distintas fraccións.

Deberán poder darse de baixa valores fraccionados, permitindo de forma automática o recálculo de prazos e importes.

Establecerase tanto a posibilidade de domiciliación bancaria como a de emisión de cartas de pago con clave C60.

Poderanse emitir informes sobre o estado do fraccionamento concedido, con desglose de pago e pendente de pago.

Inclúese na xestión dos fraccionamentos/aprazamentos a xestión das garantías aportadas: importe, data de presentación, etc., e a realización de requirimentos de documentación.

A aplicación realizará simulacións de fraccionamentos/aprazamentos, con posibilidade de impresión da simulación

1.5.2.2 Sistema Especial de Pagos

A aplicación deberá permitir a tramitación de plans de pago personalizados que permitan ó debedor pagar a totalidade ou unha parte da súa débeda anual en tributos de cobro periódico mediante prazos domiciliados na súa conta bancaria.

O cálculos das cotas realizarase en base ás débedas periódicas do ano anterior polos mesmos conceptos.

Permitirá a parametrización por ano en canto a conceptos, requisitos para acceder ó sistema especial de pago, número de prazos, bonificacións, etc.

O número de prazos para efectuar o pago será, en cada caso, o elixido polo contribuínte na solicitude.

Deberá efectuar un control sobre os suxeitos pasivos para comprobar que estean ó correntes das súas obrigas tributarias.

Deberá realizar unha xestión automática de solicitudes, do cumprimento dos requisitos, das alegacións, das propostas de resolución e das resolucións, así como das renuncias e revogacións; permitindo a notificación automática destes procedementos.

Permitirá a aplicación das cantidades entregadas sobre os valores nos casos de renuncia ou revogación.

Realizará un control das devolucións dos prazos domiciliados, asignando a/as cota/s impagada/s no seguinte prazo ou na última cota de regularización, a elección do Concello.

Ca cota de regularización, unha vez aplicadas todas as cantidades entregadas nos prazos domiciliados, tramitará a devolución automática dos ingresos indebidos.

1.5.2.3 Devolución de Ingresos Indebidos

A aplicación permitirá a tramitación completa dos procedementos de devolución de ingresos, tanto de oficio como a instancia de parte.

O rexistro e confirmación de cobros duplicados ou excesivos deberá xerar automaticamente no sistema dereitos de devolución a favor do contribuínte. Estes poderán tramitarse de oficio ou a instancia de parte.

A devolución poderá ser polo importe total ou por un importe parcial. Do mesmo xeito a devolución poderá ser do principal, da recarga, dos xuros ou das costas individualmente.

Os dereitos de devolución deberán xestionarse mediante un expediente dende o que se deberá poder tramitar tanto o procedemento de recoñecemento do dereito de devolución como o procedemento de execución de ditos dereitos.

Practicará a liquidación dos xuros de demora a satisfacer por devolución de ingresos, en función da data do ingreso, do concepto de ingreso, e da data de proposta de execución da devolución, distinguindo entre ingresos debidos e indebidos.

Realizará a comprobación de si os titulares dun dereito de devolución teñen débedas pendentes ós efectos do seu cobro por compensación.

As devolucións deberanse poder materializar mediante as especificacións do C-34 da AEB.

1.5.2.4 Recadación Voluntaria

Incluirá:

- Xestión da posta ó cobro dos tributos (e outros ingresos municipais) de cobro periódico en período voluntario.
- Xestión da posta ó cobro de liquidacións de ingreso directo.
- Xestión do cobro de autoliquidacións.

Para a xestión de cobro dos valores, a aplicación disporá da integración co sistema de comunicacións EDITRAN, emitindo informe de posibles erros.

Deberá realizar unha identificación automática das incidencias de cobro e sistema de recuperación de cobros con incidencias resoltas cas entidades colaboradoras.

A aplicación debe permitir a realización de cobros parciais ou a conta.

A emisión de valores C-60 deberá incorporar a dobre opción de pago: en voluntaria e co recargo executivo do 5% no mesmo documento, figurando separadamente os dous importes.

Deberá permitir o rexistro de cobros duplicados ou excesivos, así como os indebidos, nos propios recibos, permitindo efectuar unha selección masiva dos mesmos a efectos de tramitar a súa devolución.

A aplicación deberá permitir a configuración dun traslado automático ou manual dos recibos e liquidacións de voluntaria a executiva.

Permitirá realizar consultas sobre a base de datos de recadación con múltiples criterios: por suxeito, obxecto tributario, concepto tributario, exercicio, número de recibo, estado dos valores, importe, domiciliados/no domiciliados, ...

Deberá permitir obter facilmente listados e resumos de valores de todas as consultas realizadas segundo as condicións especificadas polo usuario, así como a súa exportación cas ferramentas ofimáticas máis utilizadas (tratamento de textos, folla de cálculo, bases de datos, ...).

Tamén deberá permitir a obtención de estatísticas para a xestión e control de todo o proceso de cobro.

1.5.2.5 Recadación Executiva

Contemplará a tramitación e xestión de todas as actuacións, fases e modelos documentais establecidos na Lei Xeral Tributaria e no Regulamento Xeral de Recadación, propios do procedemento executivo.

Requirirase que o aplicativo achegue en todas e cada unha das fases do procedemento executivo, toda a xestión de informes asociados ó mesmo, e o control automatizado de todas as comunicacións masivas.

Permitirá a carga en executiva de valores externos (polo menos en formato excel).

Contemplará a posibilidade de xerar a providencia de prema por cargos en función de distintos criterios, entre eles, data de pase a executiva, fin do período voluntario ou suxeito pasivo. Poderán emitirse de forma individual ou colectiva.

Permitirá a impresión de notificacións de providencias de prema, con modelo normalizado con norma C-60, e a xeración de ficheiro Sicer.

Permitirá a xeración de ficheiros para a publicación de notificacións a través do servizo web do BOE.

Permitirá a reimpresión de notificacións con resultado negativo a direccións fiscais distintas, debendo quedar constancia de todos os intentos de notificación nas distintas direccións.

Disporá dun control de prazos e alertas para o seguimento de prescricións.

A falla de pago da providencia de prema nos prazos establecidos determinará o inicio automático da fase de embargo. Formaranse expedientes de forma masiva en vía executiva, unha vez ditada a providencia de prema e finalizado o período de pago informado na mesma, nos que se acumularán novas débedas a nome do mesmo suxeito pasivo cando o estado do valor o permita, notificándose a mesma. Tamén se poderán desagrupar débedas dun expediente, tanto de forma individual como de forma masiva.

Disporá da posibilidade de emitir un documento de cobro C60 por a totalidade ou parte, a elección do contribuínte, da débeda incluída nun expediente.

Permitirá a xestión e tramitación completa e automatizada das actuacións de embargo de bens e dereitos, dende a solicitude de información a terceiros hasta o peche do expediente.

Deixará constancia de todos os intercambios de información a todos os organismos oficiais que se requiran no procedemento executivo e cos que exista convenio de colaboración.

Incluirá a execución de garantías.

Esixirase que a aplicación dispoña dunha ampla xestión de polo menos as seguintes áreas de embargo:

- Embargos de contas correntes.
- Embargos de créditos.
- Embargos de salarios, soldos e pensións.
- Embargos de vehículos.
- Embargos de inmobles.

Os módulos de xestión tributaria dos distintos tributos deberán estar integrados cos módulos de embargo ós efectos de comprobar si un contribuínte con débeda en executiva é titular dalgún ben (inmobles, vehículos, etc.)

Permitirá a solicitude de información individual ou masiva de contas, soldos e salarios, vehículos, créditos, inmobles e outros tipos de bens.

Permitirá a posibilidade de listar os recibos e expedientes executivos cuxa data de prescrición estea comprendida nun período de tempo concreto.

As costas asociadas a cada actuación deberán quedar documentadas e incorporadas ó expediente.

En particular, na xestión de embargos de contas esíxese:

- Deberá permitir que as fases 3 e 4 (C63) poidan funcionar de maneira autónoma e independente das fases 1 e 2.

- No caso de emisión simultánea de dilixencia de embargo, cando exista duplicidade de embargo, o sistema debe xerar os levantamentos correspondentes de maneira automática inmediatamente despois de obter os resultados positivos de ditas dilixencias.

O embargo de créditos incluíra necesariamente o embargo de diñeiro procedente de devolucións a realizar pola AEAT, por calquera concepto. Permitirá a xeración do ficheiro para o envío segundo o modelo 996 e a xestión de forma automática dos cobros a partir do ficheiro C43 da AEB.

Tamén permitirá o embargo de calquera outro crédito do que se teña coñecemento a través da información facilitada pola AEAT a través dos correspondentes convenios de colaboración.

O módulo de embargo de soldos, salarios e pensións permitirá a captura de información da TXSS, do INSS e doutras entidades a través dos correspondentes convenios de colaboración. Permitirá tamén a xestión de forma automática dos cobros a partir do ficheiro C43 da AEB.

No módulo de embargo de bens inmoables deberá xestionar o embargo de inmoables en todas as súas fases, esixíndose en particular:

- Deberá estar integrado ca xestión catastral.
- Permitirá a solicitude de información no Rexistro da Propiedade.
- Permitirá a incorporación de notas simples, certificados literais e demais documentación rexistral ao expediente electrónico.
- Permitirá a remisión telemática dos mandamentos de anotación preventiva de embargo nos Rexistros da Propiedade, así como a recepción da constestación.

En canto ó embargo de vehículos, debe permitir a xestión do embargo en todas as súas fases, e en particular:

- Permitir o envío por vía telemática de ordes de precinto de vehículos, tanto á DXT como á policía local.
- Envío por vía telemática do IVTM impagado para evitar o traspaso do vehículo.
- Envío por vía telemática ó Rexistro de Bens Móbiles dos mandamentos de anotación preventiva de embargo, e recepción da información de retorno.

Subasta de bens.- Deberase poder xestionar todos os trámites do alleamento, segundo o disposto na LXT e no RGR.

1.5.2.6 Xestión de Fallidos

A aplicación permitirá xestionar as propostas e acordos de declaración de fallidos, a declaración de crédito incobrable e a declaración de responsabilidade de ser posible a derivación.

Permitirá o seguimento e revisión de fallidos e rehabilitación dos créditos de ser o caso, en función dos criterios de revisión fixados polo Concello.

Incluíra as débedas declaradas incobrables en embargos masivos de devolucións tributarias, contas bancarias e soldos e pensións, segundo os criterios que defina o Concello. No caso de

resultaren positivos, permitirase a rehabilitación da débeda e aplicación do ingreso pola parte obtida.

1.5.2.7 Sucesións e Derivacións de Responsabilidade

A aplicación deberá permitir efectuar requirimentos de pago a terceiros, substituíndo o debedor polo sucesor ou derivado para tramitar embargos sucesivos.

Deberá permitir xestionar as recargas do período executivo e os xuros de mora executivos do debedor principal, en función de que se trate dun suposto de responsabilidade solidaria ou subsidiaria, ou dun suposto de sucesión.

Deberá contemplar que un expediente de sucesión ou derivación poida chegar a comprender diferentes interesados relacionados co contribuínte ós que lles reclamará unha porcentaxe do expediente.

En materia de sucesión, a aplicación deberá posibilitar emitir documentos de requirimento de información ó Rexistro de Últimas Vontades, ós notarios, ó Rexistro Mercantil, etc.

1.5.2.8 Procesos Concurais

A aplicación deberá permitir introducir unha marca ós debedores que se atopen en situación de concurso, o cal deberá xerar unha paralización automática en todas as débedas do concursado.

Deberá permitir introducir información básica do proceso xudicial e da identificación da administración concursal, así como a duplicación de notificacións dirixidas ó concursado.

Deberá permitir partir a débeda en diferentes vencementos, para poder aplicar as quitas aprobadas.

Deberá permitir xestionar os convenios singulares de pago.

1.5.2.9 Prescrición

Deberá permitir a xestión integral da prescrición das débedas.

Todas as débedas deberán ter indicada a data de prescrición, que será parametrizable. A aplicación deberá recalcular automaticamente a nova data de prescrición cando a mesma se modifique por calquera actuación da Administración ou do contribuínte.

CLÁUSULA 1.6.- INSTALACIÓN, MIGRACIÓN, PARAMETRIZACIÓN E POSTA EN MARCHA.

- Constituirase un equipo de seguimento e dirección do proxecto que estará formado, como mínimo, pola tesoureira municipal, o xefe do servizo de informática e o xefe de proxecto designado pola empresa adxudicataria. Este equipo reunirse cada quince días.
- Primeira fase, funcionamento en modo “cloud”, durante os primeiros nove meses, a empresa adxudicataria deberá:
 - Ofrecer todos os servizos necesarios para o aloxamento e funcionamento da aplicación en modo “cloud”: CPD de produción, CPD de respaldo, BBDD Oracle

independente (esquema independente para o Concello), Plataforma Editran, Sistema de copias de seguridade, Sistema de Comunicacións completo incluída a conexión do Concello co CPD do adxudicatario, etc. A infraestrutura debe ser de altas prestacións con garantías de continuidade do servizo, redundantes etc. Debe contar coas certificacións de cumprimento do ENS e do ENI. Se deberá indicar o grao de dispoñibilidade e os niveis SLA do CPD da empresa. A continuidade do servizo debe estar garantida.

- Incluirá na súa proposta a instalación, xestión e mantemento das liñas de comunicación e equipos necesarios para a comunicación entre o concello e o seu CPD. Este sistema será de altas prestacións en canto a dedicación, capacidade, velocidade, tolerancia a erros, calidade do servizo, continuidade de servizo etc. Será capaz de dar resposta ás necesidades e obrigas da aplicación de xestión tributaria e dos usuarios.
- Realizar a instalación da aplicación e da BBDD no CPD do adxudicatario co licenzamento do Concello. A BBDD do Concello debe ser independente do resto de institucións, para poder “exportar” os datos.
- Deberá realizarse a migración dos datos da aplicación actual de xestión tributaria da empresa SPAI INNOVA ASTIGITAS, S.L. Os datos a migrar son dende o ano 2005, a base de datos utilizada pola aplicación actual é SQL-Server 2012 de Microsoft. Debe migrarse a base de datos e a información necesaria.
- Deberá realizarse a migración da información da aplicación actual de xestión de denuncias e sancións de tráfico (euroOTD) da empresa Primeria Consulting S.L. (EuroCOP Security Systems), a base de datos utilizada pola aplicación actual é SQL-Server 2012 de Microsoft. Debe migrarse a base de datos e a información necesaria.
- A aplicación debe contar cun sistema de importación automático para bases de datos antigas de xestión tributaria, a empresa adxudicataria prestará a súa colaboración e asesoramento para estes traballos de importación.
- Deberá realizarse toda a parametrización requirida pola aplicación: listados, informes, formularios, formato de recibos etc. adaptados ao manual de estilo do concello. Deberán definirse e darse de alta os perfís dos usuarios e a gravación dos mesmos.
- Realizará as probas de funcionamento e migración de datos nas oficinas do concello baixo as directrices e en colaboración cos departamentos de Informática e da Tesourería municipal.
- Deberá realizarse un test de probas completo sobre o funcionamento da aplicación, todos os seus módulos, web services, sistema de comunicacións, integracións etc. Especial atención aos datos e bases de datos migradas. Cos resultados de todas estas probas xerárase un documento que debe ser comprobado pola Tesourería municipal e polo departamento de Informática.
- Os licitadores incluírán na documentación técnica as características, funcionamento e compromisos adquiridos do sistema “Cloud” e de comunicacións..
- Unha vez validados todos os puntos anteriores definírase un calendario de formación e posta en marcha.

- Segunda fase, funcionamento en modo “local”, instalación de todo o sistema no CPD do Concello.
 - A instalación da aplicación no CPD do Concello levarase acabo cando sexa solicitada polo Concello.
 - Descrición do sistema informático municipal onde se levará a cabo a instalación:
 - O Concello posúe o seu propio CPD formado por un Sistema de Computación Unificado (UCS 5108 de Cisco), un sistema de almacenamento (VNX 5200), etc.
 - O Concello utiliza servidores virtuais Windows Server 2012 R2, o software de virtualización empregado é VMware vSphere 5.
 - O Concello utiliza un sistema de centralización de aplicacións (Citrix XenApp Enterprise), os usuarios informáticos do concello empregan escritorios remotos.
 - A aplicación deberá instalarse nos servidores virtuais do concello (servidores windows server 2012 R2).
 - A aplicación deberá utilizar á BBDD Oracle Database Standard Edition 2 versión 12.2.0.2.
 - O concello proporcionará os servizos de EDItran, acceso á internet e á rede SARA.
 - Deberán levarse a cabo dúas instalacións completas da aplicación en dous servidores distintos e con bases de datos independentes. Unha instalación para produción e outra para desenvolvemento
 - A empresa adxudicataria realizará a instalación da aplicación, o traspaso da información (de “cloud” a “local”) e as probas de funcionamento nas oficinas do concello baixo as directrices e colaboración co departamento de Informática.
 - Deberá realizarse un test de probas completo sobre o funcionamento da aplicación, todos os seus módulos, web services, sistema de comunicacións, integracións etc. Especial atención aos datos e bases de datos migradas. Cos resultados de todas estas probas xerárase un documento que debe ser aceptada pola Tesourería municipal e polo departamento de Informática
 - Unha vez validados todos os puntos anteriores proporase unha data para o cambio de modo de funcionamento.
- O adxudicatario presentará unha documentación técnica da aplicación coa seguinte información, como mínimo:
 - Manual técnico do produto.
 - Manual de instalación da aplicación.
 - Documento técnico da BBDD.
 - Descrición do contido das bases de datos.

- Relación dos códigos de erro da aplicación coa súa descrición e maneira de solucionar a incidencia.
 - Elementos a salvaguardar.
 - Etc.
- Os licitadores presentarán un plan de instalación, migración, parametrización, continuidade de servizo e posta en marcha.

CLÁUSULA 1.7.- FORMACIÓN E MANUAIS.

A formación e asistencias levaranse a cabo en dependencias municipais, o horario será establecido polo Concello, poderá ser polas mañás, tardes ou partido. A empresa adxudicataria realizará os controis de asistencia, enquisas de avaliación e disporá dos medios adecuados para garantir a calidade dos cursos. O resultado da avaliación realizada polos asistentes será incorporada ao informe de execución do proxecto.

Deberán realizarse a seguinte formación e asistencias na casa consistorial:

- Formación aos usuarios da aplicación e persoal do departamento de informática nos días previos á posta en marcha da aplicación, será de 170 horas.
- Asistencia aos usuarios da aplicación coincidindo coa posta en marcha da aplicación, será de 3 meses.
- Asistencia aos usuarios da aplicación ou informáticos a levar a cabo durante os primeiros quince meses desde a posta en marcha da aplicación, será como mínimo de 20 xornadas. O número mínimo de xornadas solicitadas polo concello en cada asistencia será de dúas.

A formación ao persoal do servizo de informática debe asegurar o traspaso de coñecemento do sistema de tal maneira que poida realizar o mantemento de todo o sistema así como o deseño e implementación de novos procedementos de forma autónoma. Deberán recibir formación da estrutura do modelo de datos do sistema, de tal maneira que poidan realizar e construír consultas directas á base de datos.

Toda a acción formativa estará soportada pola súa correspondente documentación impresa da que fará entrega a empresa adxudicataria aos alumnos ou asistentes ao curso, sen prexuízo de que se entregue ademais en soporte electrónico.

Os licitadores presentarán un plan de formación.

A aplicación deberá posuír un manual on-line embebido na propia aplicación informática, que deberá estar sempre actualizado. Debe ser claro, fácil de usar, intuitivo, completo e con amplo sistema de búsquedas.

Para o período de garantía da aplicación, deberá incorporarse, sen custo adicional, un plan de formación continua, referido exclusivamente ós cambios máis importantes de cada versión/actualización, sexa en modalidade online ou presencial, a petición municipal.

CLÁUSULA 1.8.- GARANTÍAS, MANTEMENTO E SERVIZO DE SOPORTE.

A garantía e mantemento de todo o sistema será, como mínimo, dun ano. Estará formado por:

- Mantemento correctivo do sistema, dende o momento da súa implantación: corrección das incidencias e problemas que se presenten imputables ó software.
- Mantemento evolutivo: que comprende tanto a actualización e inclusión de novas funcionalidades ou melloras que o produto contemple durante a súa evolución (novas versións), como a adaptación do software ós cambios motivados por modificacións da normativa legal ou de procedemento. Estará incluída a integración con novos servizos de administración electrónica ofrecidos pola administración central.
- Mantemento preventivo: corresponde as accións que se deben levar a cabo coa finalidade de evitar problemas de funcionamento debido a actualizacións ou novas versións de produtos ou ferramentas que o sistema necesita para o seu funcionamento (bases de datos, servidores etc) .
- O mantemento incluírá un servizo de soporte aos usuarios, o soporte será telefónico e mediante unha aplicación web de xestión de incidencias, onde quedará rexistrado todo o seguimento da incidencia, estatísticas, histórico de incidencias etc.. As incidencias serán sobre calquera problema ou dúbida da aplicación (funcionamento, usuario, sistemas etc.)
- Tendo en conta o mantemento correctivo e evolutivo e o soporte á xestión e explotación do sistema previsto neste prego, o adxudicatario deberá resolver as incidencias comunicadas polo Concello nos seguintes prazos (a contar dende a recepción da mesma):
 - No caso de indisponibilidade do servizo de forma global: <= 2 horas.
 - No caso de que a incidencia bloquee a operativa específica dun departamento (rendas ou recadación): <= 4 horas.
 - No caso de que a incidencia bloquee a operativa específica dun usuario ou produza unha degradación significativa do servizo: <= 14 horas.
 - No caso de que a incidencia non bloquee a operativa específica de ningún usuario nin supoña unha degradación significativa do servizo: <= 72 horas.
- O Departamento de Informática e a empresa adxudicataria establecerán o sistema de conexión remoto para acceder ao sistema informático do Concello, eses accesos deben ser notificados a informática e á tesoreira municipal e quedar rexistrados con data, motivo e accións levadas a cabo.
- As conexións telemáticas a Informática por parte do adxudicatario para resolver incidencias de sistemas ou programación ou ben realizar actualizacións da aplicación serán realizadas sempre no entorno de desenvolvemento, unha vez comprobado que funcionan correctamente se enviará un informe detallado a informática coas accións levadas a cabo, Informática deberá dar autorización para ser realizadas no entorno produción ou ben decidir realizalas ela mesma e notificar á empresa o resultado.

CLÁUSULA 1.9.- PRAZO DE EXECUCIÓN DO CONTRATO E FORMA DE EXPLOTACIÓN.

A subministración, instalación, parametrización, integracións, formación e posta en marcha de todo o sistema deberá producirse nun prazo máximo de OITO meses, a partir da firma do contrato.

A explotación da aplicación será en modo “cloud”, durante os primeiros NOVE MESES, prorrogables por trimestres. O concello poderá solicitar en calquera momento, cando posúa os recursos necesarios, a instalación de todo o sistema no CPD do concello e a realización das probas necesarias que serán asumidos polo adxudicatario.

A empresa adxudicataria deberá presentar un informe de execución do proxecto unha vez finalizado este.

O contrato considerarase totalmente executado cando se realicen todas as probas de funcionamento e estas resulten satisfactorias procedéndose nese momento á recepción do sistema completo. A partir da devandita data comezará a contar o período de garantía ofertado

CLÁUSULA 1.10.- PREZO DO CONTRATO.

O presuposto base de licitación para a realización do presente proxecto, por todos os seus conceptos, ascende a 385.000 € IVE excluído, máis 21% de IVE (80.850 €), o que supón un total de CATRO CENTOS SESENTA E CINCO MIL OITO CENTOS CINCUENTA EUROS (465.850€) IVE incluído.

Incluirá a explotación en modo “cloud” durante nove meses.

Incluirá o aloxamento web da sub-sede tributaria durante o primeiro ano.

A garantía e mantemento de todo o sistema será, como mínimo, dun ano.

Os licitadores deben indicar o prezo do mantemento do sistema unha vez rematada a garantía.

Os licitadores deben indicar o prezo trimestral da explotación en modo “cloud” e do aloxamento web da sub-sede tributaria, para posibles ampliacións destes servizos.

LOTE 2.- ADQUISICIÓN DA LICENZA E SERVIZOS DE INSTALACIÓN DA PLATAFORMA DE COMUNICACIÓNS EDITRAN:

CLÁUSULA 2.1.- SITUACIÓN ACTUAL.

O Concello de Vilagarcía de Arousa vai licitar unha aplicación informática de xestión de tributos e recadación, para o funcionamento eficiente da mesma necesita instalar e poñer en funcionamento a Plataforma de Comunicacóns EDItran.

Principais características do sistema informático municipal:

- O Concello posúe o seu propio C.P.D. formado por unha U.C.S., un sistema de almacenamento, un sistema de comunicacións etc.
- O Concello utiliza servidores windows virtuais, o software de virtualización empregado é VMware vSphere 5. A versión de S.O. utilizada actualmente polos servidores é Windows Server 2008 R2 e Windows Server 2012 R2.
- O Concello utiliza un sistema de centralización de aplicacións (Citrix XenApp Enterprise), empregando escritorios remotos.

- A BBDD que utilizará a nova aplicación informática de xestión tributaria e recadación será Oracle Database Standard Edition 2.

CLÁUSULA 2.2.- ADQUISICIÓN DE LICENZAS.

O adxudicatario debe xestionar e adquirir, en nome do Concello e baixo a súa titularidade unha licenza da Plataforma de Comunicacións EDItran para ser instalada nun servidor virtual Windows Server 2012 R2.

A licenza de EDItran estará formada polos seguintes compoñentes:

EDItran/P
EDItran/G
EDItran TCP/IP
EDItran/SC (CRIPTO LIB/DES + API Criptografía)
EDItran/GT
EDItran/PX (Host)
EDItran/PX (Pasarela)
EDItran/LZW
EDItran/SC (CRIPTOLIB/RSA + API RSA de Criptografía)
EDItran/GC

CLÁUSULA 2.3.- INSTALACIÓN E POSTA EN MARCHA.

A empresa adxudicataria deberá proceder a instalar, configurar e posta en marcha de todo o sistema no CPD da casa consistorial. Realizando as probas e test necesarios para asegurar o seu correcto funcionamento e configuración.

O número mínimo de xornadas do técnico desprazado ao concello para realizar a instalación e formación será de dúas.

CLÁUSULA 2.4.- PROXECTO DE INSTALACIÓN.

Os licitadores presentarán un proxecto de instalación.

CLÁUSULA 2.5.- FORMACIÓN E DOCUMENTACIÓN.

A empresa adxudicataria deberá formar ao persoal do departamento de informática e aos usuarios de referencia na plataforma EDItran. O departamento de informática pretende acadar a maior autonomía posible.

A empresa adxudicataria entregará ao concello manuais completos da plataforma.

A empresa adxudicataria entregará ao concello unha copia do software da plataforma e dos módulos contratados.

A empresa adxudicataria deberá executar un plan de formación dirixido aos membros do departamento de informática.

CLÁUSULA 2.6.- PRAZO EXECUCIÓN CONTRATO.

A subministración, instalación e posta en marcha de todo o sistema deberá producirse nun prazo máximo de 5 semanas, a partir de que sexa solicitado polo Concello.

O contrato considerárase totalmente executado cando se realicen todas as probas de funcionamento e estas resulten satisfactorias procedéndose nese momento á recepción do sistema completo. A partir da devandita data comezará a contar o período de garantía ofertado

Si no transcurso do primeiro ano despois da recepción do sistema, o concello decidise cambiar de servidor onde está instalada a plataforma EDItran debido a un cambio de sistema operativo, esta nova instalación non terá custe para o concello.

CLÁUSULA 2.7.- PREZO DO CONTRATO.

Prezo da subministración, instalación, configuración, posta en marcha, formación, manuais e documentación técnica:

O presuposto base de licitación para a realización do presente proxecto, por todos os seus conceptos, ascende a 24.000 € IVE excluído, máis 21% de IVE (5.040 €), o que supón un total de VINTE NOVE MIL CORENTA EUROS (29.040€) IVE incluído.

O Enxeñeiro Informático

A Tesoureira

Asdo. Juan Luis Núñez

Asdo. M^a Carmen Castro Louzao